

LINGUA GALEGA

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Ola nenos e nenas,

Comeza unha nova semana de corentena, pero cada día que pasa queda menos para volver á normalidade. Que tal van as vosas listas de cousas que facer cando todo isto pase??? Xa queda pouquiño para que esas listas se cumpran!! Ánimo!!!

Para esta nova semana de traballo, propóño-vos as seguintes actividades. É moi importante que as fagades. Lede con atención todo o documento.

ACTIVIDADE 1

Nun folio ou nunha cartolina, tedes que escribir unha mensaxe de agarimo, de ánimo, de agradecemento... o que vós queirades, pero que teña relación coa situación que estamos a vivir. Se queredes poderdes empregar varios folios con distintas mensaxes, ou se tedes na casa sabas ou camisetas vellas, tamén poderdes decoralas se mamá ou papá vos deixan. Todas as ideas son válidas!!!

Para escribir as mensaxes facede a letra grande e empregade diferentes cores, así conseguimos que sexan máis alegres. Tamén poderdes engadir debuxos para que queden máis bonitas e recordade escribilas en galego.

Non esquezades crear as vosas mensaxes porque as necesitaremos para a semana que ven. Xa vos contarei para que son... SORPRESA!!

Seguro que escribides mensaxes maravillosas!!

ACTIVIDADE 2

Practicar a canción "Xuntos" do cantante Juan Pardo que aprendestes a semana pasada. Poderdes cantala en familia, ou incluso idear un baile xuntos.

É moi importante que repasedes a canción porque, como xa vos dixen antes, para a semana que ven haberá unha SORPRESA. Estade moi atentos e atentas!!!

Déixovos de novo a letra da canción e o enlace de YouTube para que podades escoitala: <https://www.youtube.com/watch?v=MQqOnuBhxKo&t=19s>

Tamén poderdes escribir no buscador de YouTube: "Xuntos conseguíremolo".

XUNTOS

Xuntos pra gañala vida, día a día
Hoxe e mañán tamén

Xuntos e que sintan todos que si van xuntiños
Temos máis camiños pra facelos ben

Xuntos non habrá quen poda miña nai querida
Xa o sabemos ben

Xuntos, mais fortes, mais craros, xuntos vai ben
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Xuntos mais fortes, mais craros, xuntos vai ben
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Dalle ahí!!

Xuntos coma ruiseñores cando fan o niño pra se defender
Xuntos e que fagan todos o cantar xuntiños
Fainos falta un mixto pra lume acender

Xuntos non habrá quen poda miña nai querida
Xa o sabemos ben

Xuntos, mais fortes, mais craros, xuntos vai ben
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Xuntos mais fortes, mais craros, xuntos vai ben
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Que ben!!

Xuntos, mais fortes, mais craros, xuntos vai ben
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Xuntos mais fortes, mais craros, xuntos vai ben
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Xuntoooooossss

Xuntos, nos fallos tamén!!!

ACTIVIDADE 3

A última actividade desta semana consiste en crear unha estrofa de catro versos relacionada co tema da canción anterior. Recordade que as últimas palabras de cada verso deben rimar.

Aquí tedes a miña estrofa de catro versos:

1. *Xuntos daremos a talla,*
2. *gañaremos a batalla.*
3. *Derribaremos a muralla,*
4. *para bicarnos sen pantalla.*

Nesta estrofa riman os catro versos.

Outro exemplo:

1. *Xuntos nos malos momentos,*
2. *curamos os nosos lamentos.*
3. *Sáímos aos nosos balcóns,*
4. *para cantar fermosas cancións.*

Nesta estrofa riman o primeiro verso co segundo e o terceiro verso co cuarto.

Moito ánimo para esta semana!! Como vos digo sempre, vós podedes con isto e moito máis!! Grazas por ser tan fortes e por estar poñendo tanto da vosa parte. Xa estamos moi preto de gañar esta loita!!

Un abrazo grande para vós e para as vosas familias!! Dádelle as grazas da miña parte por axudarvos coas tarefas do cole sempre que poden. MIL GRAZAS!!

Oxalá podamos vernos moi pronto, meus chicos e chicas!!
Bótovos moito de menos...

Un bico moi grande, valentes!!

Antía